

Ricardo Martínez-Conde

O VELEIRO E A LÚA



Zadar eds.

O veleiro e a lúá



© Ricardo Martínez-Conde
<https://ricardomartinez-conde.es>

© Zadar ediciones

© Imagen de portada e ilustraciones interiores: Baldo Ramos

Primera edición, 2023.


Impreso por Liberis.

Depósito Legal: M-18650-2023

ISBN: 978-84-126571-0-4

Ricardo Martínez-Conde

O veleiro e a lúa



Zadar eds.

En cada estrela durmen

Catro paxariños

Manoel Antonio

Sobre *O veleiro e a lúa*

70 haikus compostos en lingua galega... 70 novos haikus compostos en lingua galega por Ricardo Martínez-Conde e reunidos neste primoroso volume titulado *O veleiro e a lúa*.

A precisión vai moito máis lonxe da mera lóxica descritiva e informativa, porque as palabras de Ricardo Martínez-Conde, desde a súa irrenunciable vontade creadora, estiveron abertas sempre, de igual modo, á reflexión sobre o creado.

E semellante circunstancia en absoluto resulta baleira no caso que nos ocupa. Haberá de estrañarnos que o autor, en adxacente camiño co doutros estudosos, revelase á nosa sensibilidade de lectores do século XXI os moi sutís pero substanciais vínculos existentes entre a poesía oriental e a lírica galaico-portuguesa? “Un, a importancia da cultura filosófico-relixiosa na que bebeu e da que se alimenta o poeta. Outro, a importancia da natureza como clave referencial para a elaboración do poema”: así o sintetizou no breve ensaio, ou amplo artigo da súa autoría, presentado no seu momento baixo o epígrafe “A poesía como razón común”.

Tampouco haberá de estrañarnos, pois, que a Martínez-Conde débaselle o que a crítica ven considerando como o primeiro volume de haikus concibido e materializado en galego: *Orballo nas camelias*, do ano 1993. Posteriormente, apareceron *A núa lentitude* (2001), *Occitania* (2007), *Música antiga* (2012) e, por suposto, o presente *O veleiro e a lúa*; pero non só eses catro libros, porque *La sombra del vuelo* (2006) e o moi recente *Naturaleza.s* (2022), amolos dous compostos en lingua castelá, demostraron que o

cultivo do haiku por parte do escritor pontevedrés non quixo subtraerse á súa fecunda dinámica de creación bilingüe.

En calquera caso, *O veleiro e a lúa* devolvenos ao Ricardo Martínez-Conde máis xenuíno, e se se me apura ao de maior instinto musical, no que se refire a todo este ámbito, tan sumamente cativador, do haiku; ou, por expresalo cunha exactitude diría que imprescindible, das factibles adaptacións do haiku –esa venerable e histórica forma de poetizar proveniente de terras nipoas- ás diversas linguas, chamémolas “occidentais”, que no mundo son.

Tales adaptacións admiten, como non, a heterodoxia formal; de feito, á mantenta de *Naturaleza.s* tiven oportunidade de sinalar –nunha recensión que foi publicada por “Entreletras”, revista dixital de cultura en español- a querenza do autor por “unha fibrosa concisión sen concesións”, cuxas revelacións non habían de encartarse “forzosamente ao cálculo silábico”. Resulta interesantísimo advertir, a modo de contraste, como as dezasete moursas xaponesas –é dicir, as constitutivas do molde clásico do haiku- atopan, en *O veleiro e a lúa*, un transvasamento bastante máis cinguido ao pentasílabo, heptasílabo e segundo pentasílabo de rigor, o que coadxuva sensiblemente na primorosa decantación deste novo e fermosísimo libro de Ricardo Martínez-Conde. Cabería elucubrar acerca da musicalidade e das consustanciais virtudes da lingua materna en semellante sorte?

Quizais, e tendo en conta da condición prologal destas liñas, supoña un proveito maior para os lectores facer fincapé no vínculo que aquí o autor establece entre a dimensión simbólica do mar e a o seu valor indagatorio por forza aparelada á idea de segredo. “O segredo é / que non hai mar algún / sen un segredo”, pode lerse practicamente xa ao comezo da obra, neste *O veleiro e a lúa*, onde os cambiantes matices da luz combínanse coa conciencia da soidade,

da distancia e do infinito; onde o paralelismo entre o mar e a condición humana –“O mar vai lonxe, / busca a súa orixe; / como fago eu”- non eclipsa a necesaria homenaxe ao cantor de cantores, ese reiseñor que intuímos capaz de cantar e celebrar todas as cousas, igual que o de Teócrito; onde a inquietude metafísica, o paradoxo e algún flirteo moi acertado co aforismo –“Non hai desexo / que non vaia mais aló / do horizonte”- conviven con moi sutís xiros amorosos, con algúns escintileos dese humor tan característico de Martínez-Conde, e, sobre todo, coa pintura obxectiva dunha paisaxe sempre feiticeira nas súas transformacións diversas.

A necesidade da mirada tranquila, o eloxio absorto do natural renacer e, ao fío diso, o esplendor natural que ao amor chama –“O mar reloce, / o corazón desexa. / Amor axiña”-... Como non haberían de conducir tales lances creativos á fusión de obxectividade e subxectividade, abrazadas estreitamente grazas a un alento lírico que non fraquea nin se inhíbe?

E qué dicir deses grafismos (ideogramas, é certo) que a vigorosa mán de Baldo Ramos soubo debuxar para dar acollida, para doarlle paisaxe a ese canto interiorizado e ao tempo aberto que o autor nos fai chegar para que as palabras asenten na memoria, na soidade, na lenta historia de lector. Ao velos, ao pensalos, habería que dicir: *qué ben feitiños van*.

En *O veleiro e a lúa*, entre o mar e o segredo, Ricardo Martínez-Conde dá carne e sangue xenuínas a un corpo poético tan dulcemente flexible como admirablemente insomne: “Algo outorga luz / que alguen recibe e canta. / Agora entendo”. Todo un feliz regreso do autor aos predios do haiku na súa lingua materna.

Antonio Daganzo
Escritor



Algo outorga luz
que alguen recibe e canta.
Agora entendo

Dende a ribeira
o mundo é grande, vello.
Eu non sei quen son

O segredo é
que non hai mar algún
sen un segredo

A proa enfila
unha afastada rocha
a onde non vai?

O sol cor branco
pousou nas velas brancas:
camiño branco

Non hai fogar
cara onde vire o barco:
amplo infinito

Imos nós, xuntos.
O destino é un amor
sen un destino

Esmorecendo
o sol deseña agora
cores nas velas

Cando o veleiro
asoma na noiteña
non chegou aínda

Achega o día
Asoma xa o porvir?
Brisa, memoria!



Non deixa fuxir
un laio de queixume:
só pensa, o merlo

Vai aire. Zoa
cada nube de seu.
Tardiña morna

Non chega ao ceo
mais confía que él baixe
un día e cante

Chuvia leve.
Todalas flores, cedo,
sorrín e miran

O mar vai lonxe,
busca a sua orixe;
como fago eu

Día sen nome
A paisaxe sen nomes
O silencio sí

Agora chove;
onde se gardan por sí
as outras nubes?

Unha pinga
é abondo no lecer
dun sol maduro !

Na noite lene
un paxariño cantou.
O reiseñor, só

Con ás de frío
cruza unha gaivota.
Ribeira fría!

O que se achega
terá un nome antigo:
longo inverno

En canto chova
voltarán esas sombras
que son como ás

A neve e o mar
nunca xuntan de seu,
pero ámanse

Coa mañanciña
non há incertidume
si canta o merlo

O barco novo
vai camiño do solpor;
froito incerto

Non hai música?
Non hai gaivotas novas?
Hai mar insomne

Observa ao lonxe
miniaturas de cores:
as bolboretas!

A man ao río:
auga, lévame lonxe.
Ficou durmido

Descoñecido
é todo aquilo que foi,
que xa pasou

Non hai desexo
que non vaia mais aló
do horizonte



Todo o que nace
confía en desenvolver
o seu segredo

Cómo crece
a esperanza do ceo
en ser de día!

A bolboreta
veu a folla no río:
viaxe gratis!

Cánto chove,
cánta melancolía
grave e libre

Quixera agora
esa pinga illada
que abanea

Veu cara a min;
dixo, baixiño: amor!
Logo espertei

Chegou a neve.
Agora todo é ceo
adurmiñado

Non quero chorar,
hai ondiñas e ceo:
non quero chorar

O neno espertou.
A nube berrava
con acritude

Xa ven o vento
Xa se ven o vento
da incertidume

E cando voan
van cavilando a soas
os negros araos

Zoa o vento:
o gorrión non durme,
o merlo espera

Pintan o ceo,
descoñezo ao artista:
entardecer

Hoxe non chove
O mar observa, quedo.
Peitea o día



Hai un castelo
enriba do outeiro:
vixía as nubes

Pouco se chega
cando o que atopamos
é a incerteza

Fuxen as campás?
Fuxiu o son abstracto
das boas crenzas?

Vai paseniño
a paparroiba ao seu,
pero non lonxe

Penso no pardal
e nas nubes, tan altas:
día de acougo

Sentes o frío?
Quence as mans xunto ao sol
e agarda así

E nesta sombra
acubilla o feitizo :
verán, sorriso!

O barco amarrou,
ninguén sabe o que trae:
soño por soño!

Con todo novo
semella abrir o mencer
(con ironía)

Que o silencio
non vos alerte de mais:
só ven a noite

Si non hai río
as árbores non durmen:
auga arrolante!

Sempre música:
a natureza amaina
cada xornada

Esa gaivota
dubida co mencer:
proxecto novo

Camiñaba
e a paisaxe doaba
o imaxinar

O día amence
A beiramar dubida.
A día anoa

O verderolo
achega a cor do froito,
así é libre



Un raio de sol
Unha sombra nas ondas
A gaivota!

Voltar a porto,
navegación lixeira,
peixe avolto

A flor nova
xurdiu na noite nova
dun tempo novo

Facer a viaxe,
facer algo do día,
facer de sí

O ceo durme
con un sosego antigo,
onte nevou

Ela afastou.
O mar era antigo;
mañá choverá

O mar reluce,
o corazón desexa.
Amor axiña

Non vaias lonxe,
o meu dicir é amigo
e viaxeiro



Ondiñas do mar,
chegades de lonxe
para min, seino

O veleiro, só,
dubida na noite;
dubida só



Gústame a artesanía elaborada
con palabras, e nese xogo confío
que o lector obteña emoción,
dúbida, silencio...

Este libro
O veleiro e a lúa
de Ricardo Martínez-Conde
acabou de se imprimir
no solpor do día
21 de xuño de 2023.

O segredo é
que non hai mar algúñ
sen un segredo

Non hai desexo
que non vaia mais aló
do horizonte

A flor nova
xurdiu na noite nova
dun tempo novo



Zadar eds.